

JUAN, COMO SI NADA HUBIERA SUCEDIDO 1602

Carlos Echeverría, 1987

ESTREA EN NUMAX: 30.09.2025 | V.O. | 160 min

O estudante Juan Herman é o único desaparecido político da cidade de San Carlos de Bariloche durante a ditadura militar de 1976. O filme mostra o xornalista Esteban Buch entrevistando as testemuñas da súa desaparición e detención, así como as persoas involucradas, entre elas militares e funcionarios que tiñan o poder da cidade.

«Un dos mellores documentais xamais realizados sobre o aparello represivo durante a ditadura militar en Arxentina.»

Pablo Castriota, EL ESPECTADOR IMAGINARIO



Abandonar o fillo desaparecido

Por Nicolás Prividera

"A miña cidade segue a súa vida de sempre, abandonou o seu fillo desaparecido. Non teme que aos seus próximos fillos lles ocorra o mesmo?". Así concluía *Juan, como si nada hubiera sucedido*. A película mesma foi abandonada durante anos: contemporánea das leis de impunidad, reapareceu tempo despois, como o seu tema. Eu mesmo descubrín a película en 1997 nunha función da Filmoteca de Fernando Peña. Eramos tres ou catro persoas na sala, literalmente *underground* e eu non saía do meu asombro: Como é que non soubera antes desta película extraordinaria? Volvín vela completa un par de anos despois só para poder dicirlle na cara ao seu director o que aínda sigo pensando: é a mellor película feita sobre a ditadura. Ou, mellor dito, a película que mellor retratou a sociedade que fixo posible a ditadura.

Ninguén superou esa aproximación, seica porque foi realizada moi preto dos feitos: os asasinos estaban entre nós, ensombrecidos pero aínda arrogantes, e o seu discurso tamén, amparado polo mesmo Estado que primeiro os xulgou e logo os perdoou. É nese momento bisagra, dez anos despois do golpe, entre o xuízo ás xuntas e a sanción da lei de Obediencia Debida, cando Echeverría filma *Juan*, unha película que aproveitaba a intensidade dramática da historia dun desaparecido para facer un retrato oblicuo e implacable da súa comunidade, no que era unha asumida condena á invisibilidade, a contrafío da historia oficial, que representaba o punto de vista inocente con que boa parte dunha sociedade "espectadora" quería identificarse. Porque o "como si nada hubiera sucedido" era unha acusación directa á vasta trama de complicidades que era necesaria para implantar a represión, o gran "pacto de silencio" que seguía dominando a Arxentina.

O que *Juan* espía era ese procesismo que persistía na sociedade civil: vergonzante nos '80, negador nos '90, subterráneo tras o 2001, e de volta á luz nos últimos anos.

Nunha das escenas máis lembradas de *Juan* un militar viraba amenazadoramente inquisitorial co mozo que o cuestionaba: "Quen me di que non es un subversivo?", espétalle. É aí, neses precisos momentos en que o poder deixa de lado os bos modais para mostrar o seu verdadeiro rostro, falar a súa linguaxe e dicir a súa verdade, onde reside a potencia desenmascaradora dunha película como *Juan, como si nada hubiera sucedido*, que ausculta as palabras e os xestos para atopar negacións, complicidades e impunidad: todo aquilo que a segue facendo inquietante.

Non en balde esa vocación por falar do presente é o que a diferenza de moitas películas cuxo tema é a ditadura. Porque películas como *Juan, como si nada hubiera sucedido* lémbrennos non só aos contemporáneos que entón calaron, acompañaron ou participaron, senón aos que sempre están dispostos dar continuidade dos vellos males no seu propio tempo.

Poden cambiar (un pouco) as formulacións, pero os "demos" seguen entre nós. Mesmo con máis potencia que nunca desde o retorno democrático, usando esta vez o "setentismo" kirchnerista como escusa: a traxedia volve como farsa. Hai unha liña directa entre burlarse do progresismo, manifestarse contra as penas nos xuízos de lesa humanidade, relativizar o plan sistemático de exterminio e finalmente volver ao negacionismo inicial. Haberá polo menos outro Echeverría que veña a filmar este desesperanzador *remake*?